

VAGALUME

- Mira, filla, o día de San Xoán pola tarde xuntabámonos para recoller a leña e logo cada un na súa casa apañaba todo obxeto inservíbel que valera para queimar na fogueira. Entre lusco e fusco centos de fumaredas subían cara o ceo nas aldeas, entre aturuxos, cantigas e estoupidos de foguetes. E apurabamos aos nenos para ir para ao lume : "Imos!!! Serxo, corre, que xa case non se ve!!! Olla para o valado: Un vagalume!!! Ven, que cho poño na man! " "Queima!", dixo, mentras o tiraba apurado ao chan. Moito rimos: "Non queima, Serxo, só aluma!"

- Oh! E logo qué é un vagalume, mamá?

- Se queres sabelo e velo, filliña, terás que miralo en internet. Agora xa non se ven. E busca tamén "vacaloura", "saltón", "libélula", "mariquiña", "bolboreta". O "progreso" vai acabando con todo....